



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

Jorge Quelle Alemparte solicita de Augas de Galicia a legalización e autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.77782.

As obras solicitadas consisten nas obras de execución de varios peches opacos, beirarrúas, perfilado e limpeza do terreno e rehabilitación de vivenda, nos predios coas seguintes referencias catastrais G01001200PJ22D0001QA e G01001300PJ22D0001PA; na zona de policía de dous regos innominados aflúntes do río Xunco, no lugar de A Senra, parroquia de San Román de Vilaestrofe, no concello de Cervo, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Cervo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, o xefe do Servizo Territorial de Lugo P.S. 18/08/2021O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 1317

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 03 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución da infraestrutura gasista cuxo proxecto leva por título "Proxecto de autorización administrativa e execución de instalacións para a ampliación de rede DN 8" e nova acometida DN 8" de gas natural á industria Aluminio Español S.L.U. en MOP 16 bar no termo municipal de Cervo (Lugo)" promovida pola empresa Nedgia Galicia, S.A. (expediente IN627A 2021/1-2).

Logo de examinar o expediente instruído por instancia da empresa Nedgia Galicia S.A., con CIF nº A15383284 e con enderezo para os efectos de notificación na rúa Lisboa, edificio Área Central, local 31 HIJ, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), resultan os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro. O 04/03/2008 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, ditou resolución pola que se outorgou a Gas Galicia SDG, S.A. (actualmente Nedgia Galicia, S.A.) a autorización administrativa para a distribución de gas natural canalizado no termo municipal de Cervo, na provincia de Lugo (expediente IN627A 2005/19-0), publicada no Diario Oficial de Galicia o 07/04/2008 e no Boletín Oficial da provincia o 02/04/2008.

Segundo. O 25/11/2021 a empresa Nedgia Galicia, S.A., presentou solicitude de autorización administrativa e a aprobación da execución do proxecto "**Proxecto de autorización administrativa e execución de instalacións para a ampliación de rede DN 8" e nova acometida DN 8" de gas natural á industria Aluminio Español S.L.U. en MOP 16 bar no termo municipal de Cervo (Lugo)**" (IN627A 2021/1-2)

O proxecto de referencia, contempla as seguintes instalacións:

- 5 m de tubaxe en aceiro DN 8" correspondente á ampliación de rede de gas natural, en MOP 16 bar con conexión inicial na rede existente RA A-1008.06 e conexión final na parcela de referencia catastral 3889202PJ2338N no T.M. de Cervo (Lugo)

- 7 m de tubaxe en aceiro DN 8” correspondente á acometida de gas natural en MOP 16 bar con conexión inicial na rede descrita anteriormente e con final na parcela de referencia catastral 3889201PJ2338N no T.M. de Cervo (Lugo).
- Instalacións auxiliares:
 - o 1 válvula de acometida de DN 8”.
 - o 1 válvula de seccionamento de DN 8”

Terceiro. O 14/12/2021, a Xefatura Territorial de Lugo trasladou a separata técnica do citado proxecto de execución, para os efectos de obter o seu informe ao respecto á seguinte entidade titular de bens ou dereitos afectados: Concello de Cervo.

O Concello de Cervo emitiu informe favorable, do que se deu traslado a Nedgia Galicia S.A., que mostrou a súa conformidade.

Cuarto. O 22/02/2022, esta Xefatura Territorial acordou someter a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da infraestrutura gasista correspondente ao proxecto de autorización administrativa e execución de instalacións para a ampliación de rede DN 8” e nova acometida DN 8” de gas natural á industria Aluminio Español S.L.U. en MOP 16 bar no termo municipal de Cervo (Lugo).

Este acordo publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 14 de marzo de 2022, no *Boletín Oficial* da provincia do 11 de marzo e nos xornais *La Voz de Galicia* e *El Progreso* do 02 de marzo.

Durante este trámite de información pública non se presentaron alegacións.

Quinto. O 02/05/2022 os servizos técnicos da Xefatura Territorial de Lugo emitiron informe favorable sobre o expediente de referencia (IN627A 2021/1-2), de cara ao outorgamento da autorización e aprobación do proxecto de execución da citada infraestrutura gasista.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. A Xefatura Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Lugo é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia; no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de industria, enerxía e minas; no Decreto 132/1982, do 4 de novembro, sobre asunción de competencias en materia de industria, enerxía e minas e a súa asignación á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio; no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia; e no Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación; en relación coa Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; co Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural; coa Orde da Consellería de Industria e Comercio do 30 de novembro de 1999 sobre a tramitación de autorizacións administrativas das canalizacións de gas; e coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O citado proxecto cumpre coas exixencias regulamentarias fixadas no Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11.

Terceiro. No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites regulamentarios.

De acordo con todo o indicado, a xefatura territorial

RESOLVE:

1. Autorizar administrativamente a infraestrutura gasista correspondente á ampliación de rede DN 8” e nova acometida DN 8” de gas natural á industria Aluminio Español S.L.U. en MOP 16 bar no termo municipal de Cervo (Lugo) promovida pola empresa Nedgia Galicia, S.A.

2. Aprobar o proxecto de execución da citada instalación conformado polos seguintes documentos técnicos:

- Proxecto de autorización administrativa e execución de instalacións para a ampliación de rede DN 8” e nova acometida DN 8” de gas natural á industria Aluminio Español S.L.U. en MOP 16 bar no termo municipal de Cervo (Lugo), asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, (colexiada nº 25430 do COITIM) o 16/11/2021 e no cal figura un orzamento de 24.186,36 €.

Todo isto de acordo coas seguintes condicións:

Primeira. Nedgia Galicia, S.A. constituirá, no prazo de dous meses contado desde o momento do outorgamento da autorización, unha fianza por valor de 483,73 €, importe do 2 % do orzamento das instalacións, para garantir o cumprimento das súas obrigas, conforme o previsto no artigo 73.4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e no artigo 82 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro.

Esta fianza constituirase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11.3 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre o réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias, e será devolta unha vez que se formalice a acta de posta en marcha das instalacións.

Segunda. A infraestrutura gasista que se autoriza realizarase de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto titulado Proxecto de autorización administrativa e execución de instalacións para a ampliación de rede DN 8" e nova acometida DN 8" de gas natural á industria Aluminio Español S.L.U. en MOP 16 bar no termo municipal de Cervo (Lugo) e no cal figura un orzamento de 24.186,36 €.

Terceira. As instalacións e as súas montaxes deberán cumprir as disposicións e normas técnicas que en xeral sexan de aplicación e, en particular, as correspondentes ao Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos coas súas instrucións técnicas complementarias e as normas que os complementan, regulamentos electrotécnicos, normas UNE e demais normativa e directrices vixentes, así como cantas as substitúan ou se diten a nivel estatal ou desta comunidade, e deberán preverse para responder aos avances tecnolóxicos no eido do gas e lograr abastecementos flexibles e seguros.

Cuarta. O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Unha vez construídas as instalacións autorizadas, a empresa promotora deberá presentar a solicitude de posta en marcha ante a xefatura territorial, quen deberá emitila, logo das comprobacións técnicas que considere oportunas.

Quinta. Previamente ao levantamento da acta de posta en marcha, a xefatura territorial solicitará á empresa promotora os ensaios e probas oportunas, así como o certificado de dirección e remate de obra, no cal conste que a construción e montaxe das instalacións se efectuaron de acordo cos proxectos correspondentes, acreditando, así mesmo, expresamente, o cumprimento das condicións técnicas e prescricións regulamentarias de aplicación.

Sexta. A empresa promotora deberá iniciar a subministración de gas no prazo dun mes contado a partir da data na que a xefatura territorial formalice a acta de posta en marcha.

Sétima. A autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións ou licenzas de competencia doutros organismos ou entidades públicas necesarias para realizar as instalacións aprobadas.

Oitava. A Administración reserva para si o dereito a deixar sen efecto a presente autorización por calquera das causas sinaladas no artigo 34.1 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre o réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias; por incumprimento das condicións estipuladas; por facilitar datos inexactos ou por calquera outra causa legal ou regulamentaria que así o preveza.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, no prazo dun mes a partir do día seguinte á súa notificación ou publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer outro recurso que consideren pertinente.

Lugo, 3 de maio de 2022.- O xefe territorial P.A. (Decreto 230/2020, de 23 de decembro) O xefe do servizo de Administración Industrial, Juan Carlos Morán del Pozo.

R. 1318

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

RR-HH SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE AO ANO 2022.

Por resolución da presidencia de data 25 de maio de 2022, aprobouse a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2022, e os criterios que rexerán nela, co seguinte contido:

"Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

1. ANTECEDENTES:

Os artigos 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (L.R.B.R.L.), 204 da Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015, de 29 de abril e 128.1 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establecen que as Entidades Locais aprobarán e publicarán, dentro do prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, a Oferta de Emprego Público (OEP) de conformidade cos criterios fixados pola normativa básica estatal.

O artigo 34.1. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL, sinala que lle corresponde ao Presidente da Deputación aprobar a Oferta de Emprego Público de acordo co Orzamento e o Cadro de Persoal aprobados polo Pleno.

O Orzamento vixente desta Deputación Provincial, para o ano 2022, foi aprobado inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 30 de novembro do 2021, quedando aprobado definitivamente, transcorrido o prazo de información pública, no que se formularan alegacións, na sesión plenaria, celebrada o 28 de decembro ordinaria do 2021, sendo publicado no BOP nº 298 do 30 de decembro do 2021, entrando en vigor o 1 de xaneiro do 2022; e a través daquel, os Cadros de Persoal funcionario e laboral desta Entidade, no que constan, entre outros contidos, as prazas vacantes dotadas orzamentariamente que se inclúen na proposta de Oferta de Emprego para 2022.

2.NORMATIVA ESPECÍFICA REGULADORA DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO:

O artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), establece:

“Oferta de Emprego Público.

1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ate un 10 % adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria destes. En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

2. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente.

3. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

O Artigo 20 da Lei 22/2021, de 28 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, referido a Oferta de Emprego Público, contratos e nomeamentos temporais do persoal do sector público, establece:

“Artigo 20. Oferta de Emprego Público, contratos e nomeamentos temporais do persoal do sector público.

Un. 1. A incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, fóra dos órganos contemplados no apartado Un. e) do artigo anterior, regularase polos criterios sinalados neste artigo, suxeitándose ás seguintes taxas de reposición de efectivos:

a) Nos sectores prioritarios a taxa será do 120 por cen e nos demais sectores do 110 por cen.

b) As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira ao 31 de decembro do exercicio anterior terán un 120 por cen de taxa en todos os sectores.

(...)

3. Considéranse sectores prioritarios a efectos da taxa de reposición:

(...)

5. En todo caso, a oferta deberá atermos ás dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I do orzamento de gastos.

6. Non computarán para a taxa de reposición e, por tanto, non se terán en conta para o seu cálculo:

a) As prazas que se cubran como consecuencia da incorporación de persoal en execución de ofertas de emprego público de exercicios anteriores.

b) As prazas que se convoquen por promoción interna, nin os cesamentos derivados dos devanditos procesos, salvo os supostos de acceso por este sistema ao Corpo de Catedráticos de Universidade, nos termos previstos no artigo 62. 2 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades.

c) As prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial.

(...)

7. Para calcular a taxa de reposición de efectivos a porcentaxe de taxa máximo autorizado aplicarase sobre a diferenza entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se incorporaron no referido exercicio, por calquera causa ou reingresado desde situacións que non conleven a reserva de postos de traballo.

Para estes efectos computaranse os cesamentos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas, así como as producidas como consecuencia do disposto no apartado Cinco.3 deste artigo e no apartado Uno.2 das disposicións adicionais décima sétima, décima oitava e décima novena respecto da mobilidade do persoal cunha relación preexistente, fixa e indefinida no sector de que se trate.

(...)

Dous. A validez da taxa autorizada estará condicionada, de acordo co artigo 70 do EBEP:

a) A que as prazas se inclúan nunha Oferta de Emprego Público que deberá ser aprobada polos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, da Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano.

b) A que a convocatoria das prazas publíquese no Diario oficial da Provincia, Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, no prazo improrrogable de tres anos, a contar desde a data da publicación da Oferta de Emprego Público na que se inclúan as prazas.

As prazas non cubertas tras a execución dunha convocatoria poderán convocarse novamente sempre que non transcorresen máis de tres anos desde a publicación da oferta. A nova convocatoria deberá identificar as prazas que proceden de convocatorias anteriores e a oferta á que corresponden. Esta previsión será aplicable ás convocatorias de procesos selectivos derivadas de ofertas de exercicios anteriores a 2022, incluídas as que xa fosen publicadas.

Tres. 1. A taxa de reposición dun ou varios sectores ou colectivos prioritarios poderase acumular noutros sectores ou colectivos prioritarios. Igualmente, a taxa de reposición dos sectores non prioritarios poderá acumularse nos sectores prioritarios. As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira ao 31 de decembro do exercicio anterior poderán acumular a súa taxa de reposición indistintamente en calquera sector.

(...)

3. Non se autoriza a cesión de taxa de reposición das Administracións Públicas ás súas sociedades mercantís públicas, entidades públicas empresariais e fundacións. Poderase ceder taxa de reposición aos consorcios por parte das Administracións e demais entidades que participen no consorcio.

Sete. Os apartados un a catro deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao amparo dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no seu Artigo 2. Procesos de estabilización de emprego temporal, establece:

“Artigo 2. Procesos de estabilización de emprego temporal.

1. Adicionalmente ao establecido nos artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas e estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

Sen prexuízo do que establece a disposición transitoria primeira, as prazas afectadas polos procesos de estabilización previstos nos artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, serán incluídas dentro do proceso de estabilización descrito no parágrafo anterior, sempre que estivesen incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e chegada a data de entrada en vigor da presente Lei, non fosen convocadas, ou sendo convocadas e resoltas, quedasen sen cubrir.

2. As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022 e serán coordinados polas Administracións Públicas competentes.

A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022.

A resolución destes procesos selectivos deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

3. A taxa de cobertura temporal deberá situarse por baixo do oito por cento das prazas estruturais.

4. A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración Xeral do Estado, comunidades autónomas e entidades locais, podendo articularse medidas que possibiliten unha coordinación entre as diferentes Administracións Públicas no desenvolvemento dos mesmos no seo da Comisión de Coordinación do Emprego Público.

Sen prexuízo do establecido no seu caso na normativa propia de función pública de cada Administración ou a normativa específica, o sistema de selección será o de concurso-oposición, cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate podendo non ser eliminatorios os exercicios na fase de oposición, no marco da negociación colectiva establecida no artigo 37.1 c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

No caso de que na normativa específica sectorial ou de cada Administración así se previu, os mecanismos de mobilidade ou de promoción interna previos de cobertura de prazas serán compatibles cos procesos de estabilización.

5. Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

6. Corresponderá unha compensación económica, equivalente a vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades, para o persoal funcionario interino ou o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación do proceso selectivo de estabilización.

No caso do persoal laboral temporal, dita compensación consistirá na diferenza entre o máximo de vinte días do seu salario fixo por ano de servizo, cun máximo de doce mensualidades, e a indemnización que lle correspondese percibir pola extinción do seu contrato, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano. No caso de que a citada indemnización for recoñecida en vía xudicial, procederase á compensación de cantidades.

A non participación do candidato ou candidata no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

7. Co fin de permitir o seguimento da oferta, as Administracións Públicas deberán certificar ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, o número de prazas estruturais ocupadas de forma temporal existente en cada un dos ámbitos afectados.

(...)

Disposición adicional sexta. Convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración.

As Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais e respectarán, en todo caso, os prazos establecidos nesta norma.

(...)

Disposición adicional oitava. Identificación das prazas para incluír nas convocatorias de concurso.

Adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016."

Así mesmo o artigo 37.1 do EBEP, sinala:

"Materias obxecto de negociación.

1.- Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada administración Pública, e co alcance legal que proceda en cada caso:

(...)

Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público".

O artigo 10.4 do EBEP sinala tamén:

"No suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo (existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira), as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fora posible, na seguinte agás que se decida a súa amortización."

3. ACORDOS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN (MXN):

Consecuencia de todo o sinalado; analizadas as necesidades de recursos humanos desta Deputación, conséntase:

Que nos Cadros de persoal funcionario e laboral desta Entidade, aprobados, con ocasión da aprobación dos Orzamentos da Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2022, existen as prazas vacantes que seguidamente se relacionan e na Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente os postos de traballo que se corresponden coas citadas prazas; resultando tamén que as prazas e postos a que se fai referencia están dotados orzamentariamente;

Que dos antecedentes que constan no Servizo de Recursos Humanos a Taxa de Reposición de Efectivos para o ano 2022, calculada conforme ao establecido no artigo 20.un.7 da mencionada Lei de Orzamentos Xerais para 2022 ascende a DEZANOVE (19) efectivos que non superan o límite máximo do 110 % a diferenza entre o número de empregados fixos que durante o exercicio orzamentario anterior (ano 2021) deixaron de prestar servizos e o

número de empregados que se tiveran incorporado no mesmo tendo en conta as altas e baixas producidas por concurso de traslados.

En cumprimento do establecido nos artigos 36.3 e 37.1 l) do EBEP procedeuse a someter á consideración da Mesa Xeral de Negociación Común (persoal funcionario e persoal laboral) da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesións celebradas ao longo dos meses de abril e maio do ano en curso, sendo aprobados, por maioría, o 9 de maio do 2022, logo das oportunas deliberacións coas organizacións sindicais que compoñen o banco social de dito órgano de participación.

Á vista de todo o sinalado, os criterios e contido da Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2022, formúlase nos seguintes termos:

1º. Criterios que rexerán na OEP:

1. A OEP da Deputación conterà as prazas de persoal de novo ingreso (quenda libre).
2. A quenda de acceso libre incluírá o 110 % da Taxa de Reposición de Efectivos (TRE), conforme ao previsto no artigo 20.un.7 da mencionada Lei de Orzamentos Xerais para 2022 e inclúe un total de DEZANOVE (19) prazas na Deputación Provincial. Dentro deste criterio, inclúense ás prazas que están sendo desempeñadas en réxime de interinidade, e dentro desas a aquelas que permitan completar a totalidade de efectivos de cada unha delas, de xeito que, chegado o momento, permita convocar todas as vacantes de unha mesma praza.
3. Conforme ao sinalado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido da disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o sistema selectivo de acceso ás prazas de persoal de novo ingreso, tanto da quenda libre como de cupo de reserva a persoas con capacidades diferentes, será de oposición libre para as prazas pertencentes ás Subescalas Técnica, Administrativa e Auxiliar da escala de Administración Xeral; e de concurso- oposición libre para as prazas da Subescala de Subalterna da Escala de Administración Xeral e das prazas pertencentes á Escala de Administración Especial.
4. Con fundamento na habilitación que se estableceu na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade da temporalidade no emprego público, inclúense na Oferta de Emprego Público as Taxas adicionais de Estabilización derivadas da aplicación do sinalado no artigo 2 e na Disposición Adicional Sexta da citada disposición.

Igualmente adoptaranse as medidas necesarias para que as bases das correspondentes convocatorias se adecúen ás peculiaridades que a citada disposición establece en relación ao sistema selectivo que en cada caso corresponda aplicar.

4. Inclúese, dentro das DEZANOVE (19) prazas ofertadas, unha (1) praza polo “cupo” de reserva para persoas con capacidades diferentes (artigo 59.1 do EBEP), a efectos de cumprir o mandato de incluír o 7% das prazas vacantes ofertadas pola quenda de acceso libre para seren cubertas entre persoal cun grao igual ou superior ao 33%.

Asemade tamén se fai reserva de prazas do citado cupo de persoas con capacidades diferentes nas prazas que se inclúen na Oferta de Emprego Público polas Taxas adicionais de Estabilización de Emprego temporal.

5. No non expresado nos puntos anteriores, a administración rexeráse polas normas en vigor e polos criterios que considere máis axeitados dentro das súas potestades de planificación, programación e autoorganización.

2º. Contido da OEP 2022 da Deputación Provincial:

I. PRAZAS DE ACCESO LIBRE

I A) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS : Dezanove (19) prazas

IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO:

- CUPO XERAL: doce (12) prazas

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A-A1	2021	TÉCNICO/A ADMÓN XERAL	371	TÉCNICO/A ADMÓN XERAL ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala técnica, técnicos superiores
A-A1	951	TÉCNICO/A ADMÓN XERAL	1631	TÉCNICO/A ADMÓN XERAL ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala técnica, técnicos superiores

A-A1	744	TÉCNICO/A ADMÓN XERAL	1629	TÉCNICO/A ADMÓN XERAL ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala técnica, técnicos superiores
A-A2	890	TÉCNICO/A DE XESTIÓN	1454	TÉCNICO/A DE XESTIÓN ENTRADA	Escala de administración Xeral, subescala xestión
C-C1	612	ADMINISTRATIVO/A	1627	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala administrativa
C-C1	610	ADMINISTRATIVO/A	745	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala administrativa
C-C1	593	ADMINISTRATIVO/A	1628	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala administrativa
C-C2	959	AUXILIAR	1641	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala auxiliar
C-C2	957	AUXILIAR	1637	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala auxiliar
C-C2	956	AUXILIAR	1636	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala auxiliar
C-C2	582	AUXILIAR	663	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala auxiliar
C-C1	367	DELINEANTE	1623	DELINEANTE ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares

CUPO RESERVA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES (ARTIGO 59.1 DO EBEP: unha (1) praza

GRUPO/SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
C-C2	904	AUXILIAR DE SALA	1468	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais

IA)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL:

• **CUPO XERAL: seis (6) prazas**

GRUPO/SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN
C-C2	3344	MAQUINISTA CONDUTOR/A	1634	MAQUINISTA CONDUTOR/A ENTRADA
AP	3343	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1640	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA
AP	3342	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1639	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA

AP	3341	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1638	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA
AP	166	PEÓN/PEOA GRANXA	167	PEÓN/PEOA GRANXA ENTRADA
AP	164	PEÓN/PEOA GRANXA	166	PEÓN/PEOA GRANXA ENTRADA

I B) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (art. 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro):

IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO ACCESO LIBRE:

• **CUPO XERAL: quince (15) prazas**

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A-A2	859	TÉCNICO/A XESTIÓN	1347	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala xestión
A-A2	877	TÉCNICO/A XESTIÓN	1421	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala xestión
A-A2	878	TÉCNICO/A XESTIÓN	1422	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala xestión
A-A2	879	TÉCNICO/A XESTIÓN	1423	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala xestión
A-A2	891	TÉCNICO/A XESTIÓN	1455	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala xestión
C-C1	43	ADMINISTRATIVO/A	1412	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	494	ADMINISTRATIVO/A	726	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	33	ADMINISTRATIVO/A	1413	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
A-A1	889	TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	1453	TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL ENTRADA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais
A-A1	189	TÉCNICO/A TURISMO	1038	TÉCNICO/A TURISMO ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores

A-A2	11	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA	1324	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	883	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA	1427	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
B	847	TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	1331	TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares
C-C1	846	TÉCNICO/A MEDIO MICROINFORMÁTICA E REDES	1330	TÉCNICO/A MEDIO MICROINFORMÁTICA E REDES ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares
C-C2	551	MAQUINISTA- CONDUTOR/A	613	MAQUINISTA- CONDUTOR/A ENTRADA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría oficial

• **CUPO RESERVA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES (ARTIGO 59.1 DO EBEP: unha (1) praza**

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A-A2	968	TÉCNICO/A XESTIÓN	1692	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala xestión

IB)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL ACCESO LIBRE:

• **CUPO XERAL: seis (6) prazas**

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN
C-C2	3161	MAQUINISTA-CONDUTOR/A	351	MAQUINISTA- CONDUTOR/A ENTRADA
C-C2	3336	MAQUINISTA-CONDUTOR/A	1469	MAQUINISTA-CONDUTOR/A/ ENTRADA
AP	163	PEÓN/PEOA GRANXA	129	PEÓN/PEOA GRANXA ENTRADA
AP	170	PEÓN/PEOA GRANXA	140	PEÓN/PEOA GRANXA ENTRADA
AP	1164	PEÓN/PEOA GRANXA	1168	PEÓN/PEOA GRANXA ENTRADA
AP	3322	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1437	PEÓN/PEOA REPARACIÓNS VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA

I C) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (Disposición adicional 6ª Lei 20/2021, de 28 de decembro):

IC)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO ACCESO LIBRE:

• **CUPO XERAL: cincuenta e sete (57) prazas**

<i>GRUPO/ SUBGRUPO</i>	<i>Nº DE PRAZA</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>Nº DE POSTO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>ESCALA/SUBESCALA</i>
A-A1	15	TÉCNICO/A ADMÓN XERAL	1304	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL ENTRADA	Escala administración xeral, subescala técnica
A-A1	20	TÉCNICO/A ADMÓN XERAL	1156	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL ENTRADA	Escala administración xeral, subescala técnica
A-A2	181	TÉCNICO/A XESTIÓN	1208	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Escala administración xeral, subescala xestión
A-A2	1165	TÉCNICO/A XESTIÓN	1171	TÉCNICO/A XESTIÓN - TALLER E ACCIÓNS FORMATIVAS ENTRADA	Escala administración xeral, subescala xestión
C-C1	184	ADMINISTRATIVO/A	1129	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala administrativa
C-C1	1228	ADMINISTRATIVO/A	1294	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala administrativa
C-C2	451	AUXILIAR	363	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	628	AUXILIAR	16	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	777	AUXILIAR	1142	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	825	AUXILIAR	1252	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	188	AUXILIAR	1133	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración xeral, subescala auxiliar
AP	110	PORTEIRO/A	109	PORTEIRO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala subalterno
AP	138	PORTEIRO/A	96	PORTEIRO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala subalterno
AP	866	PORTEIRO/A	1090	PORTEIRO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala subalterno

A-A1	19	ECONOMISTA	1261	ECONOMISTA ENTRADA	Escola administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A2	757	DIPLOMADO/A RESTAURACIÓN	1123	DIPLOMADO/A RESTAURACIÓN ENTRADA	Escola administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	843	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A TELECOMUNICACIÓN	1327	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A TELECOMUNICACIÓN ENTRADA	Escola administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	849	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL	1333	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL ENTRADA	Escola administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	1006	TRABALLADOR/A SOCIAL	1788	TRABALLADOR/A SOCIAL ENTRADA	Escola administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	1011	TÉCNICO/A MANTEMENTO E CONSERVACIÓN (ARQUITECTO/A TÉCNICO/A)	1793	TÉCNICO/A MANTEMENTO E CONSERVACIÓN (ARQUITECTO/A TÉCNICO/A) ENTRADA	Escola administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
